

07 XANEIRO DO 2009 - NÚMERO 803



r d l

REVISTA
**DAS
LETRAS**



O borrador da historia


Nos últimos meses, Galicia vive mergullada nunha tensión lingüística sen precedentes na historia democrática do país. Des que Alberto Núñez Feijóo anunciou, nada máis tomar posesión como presidente da Xunta, que un dos seus obxectivos primordiais sería derrogar o actual Decreto do galego no ensino, a sociedade aparece fortemente dividida e a división podería agrandarse co borrador presentado o día trinta de decembro pasado por Feijó e polo conselleiro de Educación, Jesús Vázquez. O texto provocou unha airada protesta en todos os partidos da oposición, nos sindicatos e na comunidade escolar. Soamente as asociacións vinculadas ao ensino privado –que desde o primeiro estiveron a carón do Partido Popular (PP) amosaron a súa conformidade, mentres

Os momentos máis decisivos

Montse Dopico / A.R. López

colectivos como Galicia Bilingüe ou o sector do PP máis escorado no nacionalismo español criticaron que a liberdade de elección prometida por Feijóo non permitise o ensino monolingüe en castelán e en galego. No panorama, introdúcese tamén unha nova variante: a polémica conversión do inglés como lingua vehicular da docencia, un proceso para o que o secretario xeral de Política Lingüística, Anxo Lorenzo, prometeu un forte investimento nos próximos anos. Este monográfico de Revista das Letras é unha aproximación á cuestión, cunha ampla análise comparativa das distintas lexislacións que xurdiron arredor da normalización lingüística a partir do 1995.

O reforzo da posición subalterna no galego



decreto que, segundo o Goberno do PPdeG, “persegue a implantación en Galicia dun modelo educativo trilingüe” e “blinda o equilibrio entre as linguas maila liberdade tanto de pais coma de alumnos para escoller e expresarse en todas as etapas educativas” non é, para as organizacións que defenden a normalización do galego, máis que un pretexto para consolidar a posición subalterna deste idioma con respecto ao castelán. Unha análise do texto do borrador, así como a comparación cos anteriores decretos que regulaban o uso do galego no ensino: o 124/2007, aprobado polo goberno bipartito, e o 247/1995, en vigor até o 2007, impulsado polo Goberno do PP, permite, en efecto, atopar motivos para tirar esta interpretación.

[Marco xurídico]

O borrador do novo decreto remite, igual que o do bipartito, á Constitución española; ó Estatuto de Autonomía e o mandato deste ós poderes públicos de potenciar o emprego do galego en todos os planos da vida pública; á Lei de Normalización Lingüística, –que foi aprobada no 1983 por unanimidade de AP, UCD, PSOE, PCG e EG– e a garantía que establece de “igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galicia”, así como o obxectivo que fixa que “ao remate do ensino obrigatorio se garantirá a igualdade de competencia lingüística nos dous idiomas oficiais”; á Carta europea de linguas rexionais e minoritarias de 1992 e ó Plan Xeral de Normalización Lingüística, aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia en setembro do 2004, durante o Goberno do PP. O borrador do novo decreto copia literalmente parágrafos do 124/2007, como o seguinte: “cómpre facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz”. Unha declaración de principios que queda invalidada na práctica polo contido

do propio decreto, segundo entenden as organizacións –sindicatos, colectivos de defensa da lingua, partidos– que se opoñen ao mesmo.

As bases do novo decreto indican que o 124/2007, ao non establecer unha porcentaxe mínima de materias a impartir en castelán, “podería chegar a cambiar o modelo de conxunción de linguas desenvolvido en Galicia desde o inicio da autonomía cara a un modelo de inmersión”. En realidade, o modelo de inmersión –polo menos a metade das materias na lingua que se pretende promover– é recomendado polos sociolingüistas para impulsar as linguas minorizadas, –como o é o galego–. O fracaso do decreto 247/1995 levou ao propio Goberno do PP a apoiar o Plan Xeral de Normalización Lingüística, que establece o famoso principio de que os alumnos reciban polo menos o 50 por cento da docencia en galego. Un obxectivo do que o PP se desmarcou cando se opuxeron ao mesmo o colectivo Galicia Bilingüe, o partido UPyD e medios de comunicación afíns.

Por outra banda, o modelo de inmersión lingüística é legal. Así o estableceu o Tribunal Constitucional (TC) na súa sentenza 337/1994 sobre o idioma catalán, na que indica que é lexítimo un ensino no que o vehículo de comunicación sexa a lingua propia da Comunidade Autónoma sempre que o castelán non quede excluído. O Goberno do PP escúdase na polémica enquisa ás familias que, alén das discusións sobre o seu rigor científico, non descubriu nada novo, pois os seus resultados poden interpretarse como un apoio a unha maior presenza no ensino do castelán, como un decantamento polo ensino bilingüe, polo monolingüismo con preferencia polo castelán en primaria e secundaria, pola non exclusión do galego... Alén diso, diversas sentenzas do TC e do Tribunal Supremo –a última moi recente– aclararon que corresponde á administración educativa, e non aos pais, decidir sobre a presenza das linguas nas aulas.

A sentenza do Tribunal Constitucional 195/1989 declarou que ningún dos apartados do artigo da Constitución que recolle o dereito á educación –o 27– inclúe como elemento o dereito dos pais a que os seus fillos reciban a educación na lingua de preferencia dos seus proxenitores no centro público da súa elección, e que ese dereito tampouco resulta da súa conxunción co artigo 14 da Constitución, –o do dereito de igualdade–, pois a prohibición de trato discriminatorio non implica que a existencia de igualdade dos españois ante a Lei só poida entenderse satisfeita cando os alumnos reciban a ensinanza integramente na lingua preferida polos pais. A sentenza 337/1994 do TC salienta que o “Tribunal Europeo de Dereitos Humanos negou a posibilidade de inclusión do dereito de opción lingüística dentro do dereito dos pais a asegurar a educación e ensinanza dos fillos conforme ás súas conviccións relixiosas e filosóficas”.

O decreto do bipartito establecía, ademais, como principio xeral, que “nas ensinanzas de réxime xeral e na educación de persoas adultas, recollidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, asignaráselle globalmente o mesmo número de horas ao ensino da lingua galega e da lingua castelá”, é dicir, metade e metade, o mesmo “equilibrio” entre as dúas linguas que o PPdeG defende. Porén, o novo decreto reduce tanto a presenza do galego como do castelán a un terzo, reservando outro terzo para a lingua estranxeira, o inglés, ao que lle dá, así, un tratamento de idioma vehicular de dubidosa legalidade –o Tribunal Superior de Justicia de Valencia resolveu en contra da materia de Educación para a Cidanía en inglés, por responder a un mandato do Goberno autonómico xeneralizado para todos os centros, e non para os que optasen por dar parte das materias en lingua estranxeira, posibilidade que si contempla o decreto que regula a ESO–. Independentemente do debate sobre cal é a mellor maneira de mellorar as competencias dos estudantes en inglés –a propia presidenta de Galicia Bilingüe, Gloria Lago, suxeriu que se cadra cumpría reducir o número de alumnos por aula, renovar os métodos pedagóxicos e fomentar as estadías en países de fala inglesa e as actividades en inglés–, deste xeito privase ao galego do tratamento compensatorio que precisa no ensino, dada a súa situación, sobre todo no ámbito urbano e na mocidade.

O goberno do PSdeG e o BNG aprobou, de feito, o decreto 124/2007 despois de que un informe do Consello Escolar advertise da “desgaleguización” no tránsito da familia á escola e de que o Consello da Cultura Galega subliñase, nun estudo comparativo dos datos do Mapa Sociolingüístico de Galicia (MSG) da Real Academia Galega do 1992 e a Enquisa das Condicións de Vida das Familias no Instituto Galego de Estatística do 2003, de que chegara a primeira xeración de galegos para os que o galego non era a lingua maioritaria. O último Mapa Sociolingüístico de Galicia –o do 2004–, constatou que menos do 30% dos galegos de entre 15 e 24 anos falan habitualmente só ou máis en galego–, aínda que tamén detectou unha desaceleración na tendencia a usar menos o galego respecto ao ano 92, en comparación cos outros grupos de idade.

[Educación infantil]

O borrador do novo decreto establece para esta etapa, igual que o facía o do 1995, que “o profesorado usará na aula a lingua predominante entre o alumnado, terá en conta a lingua do contorno e coidará que adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites da etapa ou ciclo”. Até aquí, a

redacción é idéntica á do decreto do bipartito. A lingua predominante do alumnado determinarase, segundo o borrador do novo decreto, “preguntándolle a cada familia pola lingua materna do seu fillo ou filla. Esta consulta farase mediante unha pregunta que as familias contestarán durante o proceso de preinscrición”. O decreto do bipartito tiña en conta xa a opinión dos pais, ao indicar que “a lingua materna predominante será determinada polo claustro, de acordo cos criterios establecidos no proxecto lingüístico. Para o establecemento da lingua materna deberán terse en conta, entre outros, os datos achegados polo mapa sociolingüístico de Galicia, os datos estatísticos oficiais e a información achegada polos pais e nais”. Por outra banda, o decreto do bipartito especificaba que “no caso de contornos castelán falantes, a utilización nesta etapa da lingua galega como lingua de comunicación e ensinanza será, como mínimo, igual á da lingua castelá”.

O borrador do novo decreto recibiu críticas neste aspecto porque podería abrir a porta para a separación dos alumnos segundo a súa lingua materna, de acordo coa información facilitada polos pais na folla de preinscrición. A segregación –que Galicia Bilingüe demanda– está prohibida pola Lei de Normalización Lingüística, que a impide por centros e a permite por aulas só de modo excepcional e por motivos pedagóxicos.

Ademais, o borrador do novo decreto non establece uns mínimos para a presenza do galego en infantil, polo que a “lingua predominante” podería ser a que se acabase utilizando na aula nas zonas castelanfalantes, reservando para o galego uns mínimos contidos, como algunha actividade de cando en vez. O propio Plan de Normalización Lingüística recomendaba “establecer unha oferta educativa en galego en preescolar (0-3 anos) e na educación infantil para todos os nenos e nenas galegofalantes”, –obxectivo do modelo das Galescolas, co que o actual Goberno rematou–, e “fixar, como mínimo, un terzo do horario semanal en galego nestas etapas educativas para os contextos e contornos nos que a lingua predominante sexa o castelán”.

[Educación primaria]

Neste nivel, o borrador do novo decreto recolle que “das materias *Coñecemento do medio natural, social e cultural* e *Matemáticas*, unha impartirase en galego e outra en castelán segundo a opinión das familias, que será vinculante. Cada centro educativo, a través do seu Consello Escolar, decidirá a lingua en que se impartirá o resto

Tal como comezou

O decreto aprobado no 1995 polo PP movíase na liña de reservar para o galego máis ou menos un terzo das materias. Este mandato era incumprido de modo sistemático. Un estudo que o Consello da Cultura Galega presentou no 2008 detectaba aínda niveis xerais de incumprimento dun 30%. Galicia Bilingüe chegou a protestar porque o bipartito tentaba que o seu decreto se cumprise, –antes, a decisión dependía máis ben da vontade dos profesores, malia que o Tribunal Constitucional aclarou na sentenza 337/1994 que o “dereito de alegar o descoñecemento da lingua cooficial non ten

cabida en canto se refire á actividade da ensinanza” e avalou na 46/1991 a esixencia de que se acredite o coñecemento da lingua cooficial nas oposicións–. A lexislación galega, xa desde o tripartito, tendeu a favorecer a discriminación positiva do galego para compensar a súa situación de desigualdade con respecto do castelán. Pero os colectivos contranormalizadores rexeitan isto, desde unha perspectiva liberal, en nome dos dereitos individuais, defendendo na práctica os dereitos individuais dos castelanfalantes, e deixando para o galego un status de lingua subordinada e voluntaria, en confluencia con pais de alumnos que arrastran prexuízos como que o galego non serve para as ciencias.

de materias, establecendo un equilibrio nas horas semanais ofertadas en galego, en castelán e en lingua(s) estranxeira(s). En calquera caso, o número de materias ofertadas en galego e en castelán, respectivamente, non será inferior a un terzo do horario lectivo semanal, e non se poderá ofertar un número de materias en lingua(s) estranxeira(s) que supere un terzo do horario lectivo semanal”. É dicir, impartirase un mínimo dun terzo en castelán, un mínimo dun terzo en galego e un máximo dun terzo en lingua ou linguas estranxeiras. E como entre as tres debe haber un “equilibrio”, e as materias en inglés deberán esperar, segundo recoñeceu o Goberno, en teoría nin galego nin castelán deberán superar o 50 por cento das materias. Tanto en primaria como en secundaria e bacharelato, a opinión dos pais coñecerase a través dunha consulta que se realizará cada catro anos.

Así, o decreto da suposta “liberdade” dos pais “impón” cotas dun terzo para cada lingua, permítelles escoller aos pais só en dúas materias “troncais” e cada catro anos, –non se sabe como se artellará esa consulta–, e en calquera caso se se opta por unha en castelán tería que darse a outra en galego. O decreto do bipartito indicaba que se “impartirán obrigatoriamente en galego” matemáticas, coñecemento do medio e educación para a cidadanía, e o decreto do PP, do 1995 mandaba impartir en galego “dúas áreas, cando menos”, sendo unha delas “coñecemento do medio”. O Plan Xeral de Normalización Lingüística recolle como obxectivo para esta etapa “garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego. Á parte da área de coñecemento do medio natural, social e cultural, xa fixada legalmente, fomentárase que se impartan nesta lingua materias troncais en toda a etapa, como as matemáticas”.

[Educación secundaria, bacharelato e FP]

Para a ESO o borrador do novo decreto establece que “as familias decidirán en que lingua oficial se impartan as materias de Matemáticas e Ciencias Sociais, opinión que será vinculante”, e o resto das materias segundo o decida o Consello Escolar respectando o equilibrio entre as tres linguas e os mínimos dun terzo xa citados. Para bacharelato, só sinala que “cada centro educativo aprobará unha oferta equilibrada de materias comúns, de modalidade e optativas para impartir en galego, en castelán e en lingua(s) estranxeira(s)”. Para a Formación Profesional, “cada centro educativo garantirá que o desenvolvemento das ensinanzas asegure que o alumnado alcance a competencia lingüística propia do nivel en ambas as dúas linguas oficiais”. Para o nivel de secundaria, o decreto do 2007 mandaba impartir en galego máis da

metade das materias: –ciencias da natureza, ciencias sociais, xeografía e historia, matemáticas e educación para a cidadanía, e para as demais remitía ao PNLG, cuxo texto indica “garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego. Dentro das posibilidades de cada centro, tenderase a que entre as materias que se impartan nese idioma figuren as matemáticas e a tecnoloxía”–. O decreto do 1995 establecía que se impartisen en galego máis ou menos un terzo das materias: entre tres e catro áreas: xeografía e historia e ciencias da natureza, máis unha ou dúas optativas, segundo o caso. Para bacharelato, o decreto do 2007 establece o mesmo que o PNLG: que “o alumnado recibirá, polo menos, o cincuenta por cento da súa docencia en galego”. O do 1995 mandaba dar en galego no primeiro curso de bacharelato dúas: filosofía e unha das específicas da modalidade escollida; no segundo curso historia e entre unha e tres materias, segundo a modalidade, máis unha optativa. Para o resto das materias, os dous decretos remitían a decisión ao claustro e ao consello escolar.

Así, o borrador do novo decreto incumpre o mínimo do 50% das materias en galego en secundaria e bacharelato que recomenda o Plan e contradi o que foi a traxectoria legal dos gobernos de Manuel Fraga –unha orde do 1987 xa determinou a impartición obrigatoria de Ciencias Sociais en galego nos ciclos medio e superior de EXB, e de dúas materias polo menos no ensino medio–. Ademais, posibilita que matemáticas e ciencias sociais, así como outras materias socialmente consideradas máis “importantes” se impartan en castelán na ESO, se así o deciden os pais e o centro, quedando o galego para o terzo das materias non “troncais”, con todo o que iso suporía para reforzar os prexuizos sobre a lingua propia do país: a asociación do galego co atraso, a aldea, a pobreza... que non afecta ao castelán, considerado a lingua do ascenso social. –Pois a imaxe do galego como lingua de cultura aínda é minoritaria e está restrinxida a certos ámbitos sociais–. Tamén podería ocorrer o contrario, que se desen as troncais en galego se así o quixesen o consello escolar e as familias –algo que sería positivo para a imaxe do galego, pero se cadra só factible nos ámbitos galegofalantes comprometidos coa lingua propia–. Na FP e bacharelato, alén o que pase coas troncais, nin se establecen mínimos para cada idioma. O decreto provocará tamén problemas de aplicación, con cambios entre cursos segundo o que prefiran os pais, e diferenzas entre centros segundo a extracción social das familias, o hábitat rural ou urbano... Non permitirá tampouco un ensino monolingüe nin en galego nin en castelán, como demandaron máis da metade dos pais de primaria e secundaria na polémica consulta ás familias.

O idioma oral e escrito

O borrador do novo decreto sinala ademais que “en todas as áreas, materias ou módulos impartidos en galego ou castelán o alumnado poderá utilizar nas manifestacións oral e escrita a lingua oficial da súa preferencia”. É dicir, poderá facer exames, dirixirse ao profesor, facer as tarefas... na lingua que queira. Unha opción que non se dá para as materias en lingua estranxeira, e que ademais non parece moi coherente co obxectivo do texto de garantir o equilibrio dos tres terzos. Os decretos do 2007 e 1995 establecían que nas áreas e materias que se deben impartir en galego, os alumnos “usarán” esta

lingua nas “manifestacións orais e escrita” –segundo o do bipartito– se se “procurará que se usen”, segundo o do 95; e que os materias “estarán escritos”, –“normalmente”, segundo o decreto 247/1995 e “con carácter xeral”, no 124/2007– en galego. Estes preceptos foron obxecto dun recurso da Asociación Gallega por la Libertad del Idioma contra unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) que non lle deu a razón na súa impugnación do decreto do bipartito por estes motivos. O Tribunal Supremo xa desestimara no 2000 un recurso de AGLI contra o decreto do 95.

O PPdeG: do consenso de Fraga ao conflito

d

ifícil vai ser para o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, conseguir o consenso que tanto reclamou nos últimos meses co seu borrador do Decreto do galego, creado para derrogar un texto consensuado polas forzas políticas do país e pola comunidade escolar, agás precisamente o Partido Popular (PP), que se descolgou a última hora dese consenso.

A peripecia do texto agora ameazado xorde nos últimos meses do goberno de Manuel Fraga, cando o propio Feijóo é vicepresidente da Xunta e o Parlamento aproba por unanimidade o Plan de Normalización Lingüística, onde se estipulaba unha progresiva incorporación do galego como lingua vehicular da escola. O primeiro froito deste plan foi o actual Decreto que, en febreiro do ano 2007, baixo a Xunta do bipartito, consensuaron todas as forzas políticas. Este consenso trasladábase á división en partes iguais de clases en galego e en castelán, despois dun borrador inicial no que se fixaba a presenza do galego nun 68%. Tanto socialistas, como BNG e PPdeG felicitáronse polo acordo e, mesmo, a portavoz dos conservadores para Educación, Manuela López Besteiro, subliñou que a xinea do texto se desenvolvera grazas aos anos de goberno do seu partido e que o Plan de Normalización era o instrumento esencial para eguir avanzando na promoción da lingua galega.

Porén, nos meses seguintes, a situación foi virando drasticamente. En marzo, Feijóo,

como xefe da oposición e “unha vez pactada de forma unánime a normalización lingüística na comunidade a través do decreto que desenvolve o Plan” reclamaba “un paso adiante” na formación trilingüe dos galegos. O seu obxectivo era crear centros co castelán, o galego e o inglés como linguas vehiculares, en liña co borrador que propón agora o seu borrador, pero circunscrito a centros específicos, non de xeito xeral. Tamén solicitaba que, polo menos, un programa da TVG dirixido aos máis novos se emitise en versión orixinal con subtítulos en galego. Para Feijóo formar os galegos do século XXI “na lingua vehicular” da maioría dos ensinos europeos permitiría cumprir “o vello compromiso”.

En xuño do 2007, no último tramo de negociación previa á aprobación por parte do Parlamento do Decreto, López Besteiro anunciou nunha roda de prensa que o PPdeG se desmarcaba do texto que antes apoiara porque “non garante o equilibrio entre as linguas nin os dereitos lingüísticos” e abre a porta a un “modelo monolingüista en galego”. Besteiro acusou a Xunta de “ser arteira” por modificar –dixo– o texto sen o seu coñecemento e criticou que non se incorporasen as críticas formuladas desde o Consello Consultivo de Galicia. A entón conselleira de Educación, Laura Sánchez Piñón, negou as acusacións e asegurou que se introduciran o 95% das recomendacións feitas polo Consello Consultivo.

En agosto, Núñez Feijóo amosaba xa as liñas do que acabaría sendo a súa estratexia no enfrontamento lingüístico máis doloroso desde a caída da ditadura. Por unha banda, anunciaba iniciativas parlamentarias para que os pais fosen os encargados de decidir o idioma no que deben ser educados os seus fillos, tal como se establece no seu borrador. Esa era a tese que defendía o colectivo *Tan gallego como el gallego*, do que saíra posteriormente Galicia Bilingüe, unha asociación que apoiaría decididamente a Feijóo na súa campaña electoral das autonómicas tras prometerlles que derrogaría o Decreto do bipartito e institucionalizaría a liberdade de elección de idioma no ensino.

En outubro, o decreto foi aprobado polo Parlamento nunha sesión onde o PPdeG lle botou en cara ao daquela presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño, que non utilizase máis nos seus discursos a palabra España.

A coherencia de Feijóo

Non cabe dúbida de que o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, é absolutamente coherente no seu borrador do Decreto do galego cos argumentos que veu desenvolvendo contra a política lingüística do bipartito na segunda parte da súa lexislatura. Ninguén lle pode negar

que a elección do idioma por parte dos pais –un dos máis conflictivos puntos do seu texto– non fose unha das súas prioridades xa no 2007 ou que o obxectivo do trilingüismo –co inglés en paridade co galego e o castelán– non estivese no seu punto de mira. Iso si, daquela non postulaba que o inglés fose unha lingua vehicular ao 30% respecto das linguas cooficiais.

Poucas esperanzas dunha confluencia

Cando o trinta de decembro pasado, o Consello da Xunta –na súa última reunión do ano en plenas vacacións escolares– aprobou o borrador do texto que substituirá o decreto do galego no ensino, a oposición caeu enriba do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, e acusouno de “opacidade, nocturnidade e aleivosía”. Ese mesmo día, algo máis de 2.000 persoas, convocadas pola plataforma Queremos Galego! mediante sms, marcharon de xeito espontáneo polas rúas de Compostela como protesta dun borrador que, nos días previos, xa se filtrara á prensa anunciando unha drástica redución do galego nas aulas.

A concentración era o anuncio do que viría nos días seguintes. Socialistas e BNG rexeitaron a proposta por supoñer “un retroceso evidente” respecto do proceso de normalización iniciado no período autonómico se ben non se pechaban en banda a chegar a un consenso sempre e cando o PPdeG modificase os aspectos máis polémicos do texto, nomeadamente a elección dos pais do idioma nas troncais. Pero isto parece pouco probable a teor da traxectoria de Feijóo e das primeiras declaracións do secretario xeral de Política Lingüística, Anxo Lorenzo, que puxo a elección paterna como un dos grandes triunfos do texto.

Os sindicatos do ensino non o teñen tan claro. Tanto CIG, como UGT ou STEG opinan que poden xurdir conflitos no seo das comunidades escolares e acusan a Feijóo de trasladar aos colexios a súa incapacidade para resolver o problema. A CIG xa fixo un chamamento de desobediencia civil ao decreto no caso de aprobarse e convocou unha folga xeral o día 21. Ambas as iniciativas foron apoiadas polo STEG e polo BNG, mentres os socialistas se manteñen á marxe da folga aínda que anuncien o seu apoio a calquera iniciativa destinada a contestar o texto de Feijóo.

No propio PPdeG abríronse físgoas respecto do texto. O sector máis galeguista, encabezado por Rafael Cuíña, séntense incómodo coa aposta de Feijóo, e a dereita máis vinculada ao nacionalismo español considera que o presidente queda curto e non garante a promesa de que sexan os pais os que elixan o idioma do ensino dos seus fillos, sen ter que cingirse a un 30 por cento. Esta á é a que concorda cos teses de Galicia Bilingüe.

a presidenta desta asociación, Gloria Lago, está contenta co feito de reducir a presenza do galego pero as súas aspiracións pasan por conseguir que o novo decreto lles garanta aos pais que os seus fillos reciban unha educación monolingüe en galego ou castelán se así o desexan.

Igual de polémica resulta a proposta de Feijóo e do seu conselleiro de Educación, Jesús Vázquez, do que xa se pediu a dimisión, sobre un sistema trilingüe en inglés, castelán e galego. Polémica non porque se rexeite a introdución do idioma estranxeiro senón porque o país, hoxe por hoxe, non posúe infraestruturas nin persoal docente adecuado para cumprir este obxectivo. Anxo Lorenzo, en consonancia coas declaracións de Feijóo, xa se comprometeu a “manter un forte investimento económico” durante “os cursos que sexan necesarios” para que o plan de plurilingüismo en inglés sexa viable. Introducir o inglés como lingua vehicular, dixo, “é un obxectivo estratéxico para a sociedade galega do século XXI”. A estratexia, porén, parece colidir coa realidade dos presupostos da Consellería de Educación, que este ano reduciu un 30 por cento a súa dotación para formación do profesorado, do mesmo xeito que reduciu un 20 por cento os remanentes de Política Lingüística, como lembrou recentemente a deputada Carme Adán, do BNG, convencida de que a cuestión do inglés é “unha escusa” e de que o borrador é “está elaborado cos criterios políticos dunhas minorías extremistas”.

Por diante, quedan uns meses de tirapuxas e negociacións, crispación e liortas que, agora si e non antes, colocan o idioma no centro do debate político de Galicia.

Alberto Núñez Feijóo e Jesús Vázquez na presentación, o 30 de decembro pasado, do borrador do novo decreto




Coordinación: A.R. López e M. Dopico. Deseño: Signum. Na portada, o presidente de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, na apertura da Porta Santa da catedral de Compostela, o pasado 31 de decembro.



14 XANEIRO DO 2010 - NÚMERO 804

rdl

REVISTA
**DAS
LETRAS**




Novoneyra de corpo inteiro

Uxío Novoneyra, ao que se lle dedicará o Día das Letras, cumpriría o 19 de xaneiro, o martes da próxima semana, 80 anos. A súa obra, marcada pola eclosión de *Os eidos* no 1955 ou a publicación no 1968 do *Viet Nam Canto*, desenvolve un dos percorridos creativos máis versátiles e fascinantes da Literatura galega do século XX. Novoneyra concibía a poesía como un ámbito que ía máis alá da escrita: tratábase dunha forma de habitar o mundo. Froito desa intensidade conceptual, e dunha constante exploración dos límites poéticos, son os caligramas, que empezou a tracexar a mediados dos anos sesenta no estudo do pintor Reimundo Patiño, en Madrid. Foi Patiño quen bautizou eses exercicios como caligramas en contra da opinión do poeta, que prefería o termo mecanografismos. Na súa opinión, os mecanografismos eran “unha impronta interior, biolóxica, espiritual, o intre físico total do corpo traducindo os versos” e esa definición serviulle ao pintor Antón Patiño –curmán de

A grafía dos corpos

Reimundo– para incluír os seus traballos entre as ergografías: grafías do corpo. Os caligramas que hoxe presentamos, contem,poráneos dos grafitis e da *action painting* de Pollock obedecen a distintas épocas. Algúns deles son inéditos –cedidos pola súa familia– e outros pertencen aos *Cadernos da gadaña*, onde Novoneyra publicou por vez primeira (1979) esta vertente expresiva, ou a *Do Courel a Compostela*, editados por Sotelo Blanco no 1988. Unha terceira fonte é a serie *Seis caligramas pola paz*, pulsada polo escritor en plena guerra do Golfo. Apareceron no número un de *Revista das Letras*, no 1991, e reproducimos catro deles na páxina cinco. Os vínculos do poeta co suplemento de ‘Galicia Hoxe’ non quedaron aí: no 1999, coincidindo co 20 aniversario dos *Cadernos da Gadaña*, reeditamos os *Poemas caligráficos* con anotacións do propio Novoneyra xunto a un traballo de Herminio Barreiro lembrando a época madrileña do autor e de Reimundo Patiño.



Ergografías de Novoneyra

Antón Patiño


Unha escrita do corpo [unha senlleira ergografía] é a que fai Uxío Novoneyra nos chamados poemas caligráficos. Trazos veloces como graffitis de urxencia (axilmente tatuados na páxina). Unha estratexia que tenta sortear o control racional para ir cara a unha intraconciencia. Achegas xestuais na procura do inconsciente das verbas ceibes. Os apuntamentos manuscritos de Uxío Novoneyra: a sombra da súa voz encol do branco da páxina. A silueta das palabras pousada riba do papel. Ideogramas persoais cheos de forza e de enerxía concentrada. A man deixa unha informe sombra-tatuaxe: chea da autenticidade da grafoloxía. Unha escrita veloz para os seus *poemas-lóstrego*.

Existe en Novoneyra o que poderíamos definir como unha teoría do intre. O instante é o gardián na fronteira do tempo. O límite secreto entre o pasado e o futuro. Nesa encrucillada magnética estala o xesto como aliaxe intemporal. Espazo e tempo figuran mesmo fusionarse nun momento de encantamento. A maxia do intre estoura nos poemas caligráficos. Alí está todo Uxío. A súa voz como unha fervenza. A súa lucidez. A sensibilidade. O seu afecto á humanidade. A solidariedade entre o baleiro e a materia. O tempo concentrado coma no *jezt-tzeit* [tempo-agora] de Walter Benjamin.

O poema toma corpo: a palabra pousa riba do papel para emprender o voo. Poesía expandida. Xorden daquela estes seus poemas verticais: coma constelacións ingravidas. Todo o saber-zen do poeta do Courel sublimado en cativas pímulas gráficas. Un proceso de condensación simbólica cunha forza visual expansiva. O poema estala: reverte polas beiras. Ocupa o espazo. O poema é unha onda expansiva. Poesía-acción. Un garabato aleatorio de letras en liberdade. Un eco que resoa dende o epicentro dos cumios do Courel cara a lanzar un berro de liberdade ao mundo. Un aturuxo libertario, rebelde, heterodoxo, solidario. Un berro a favor do poema-intre. A natureza e o ser humano forman corpo común no entrelazo destes sinais: o labirinto que transportamos. Por iso Uxío Novoneyra gostaba dos músicos do rap: simultaneidade das voces amoreadas a manter viva a idea de comunidade. Alén do tempo (coma un talismán): aquí están estes seus fermosos *poemas-lóstrego*. Palabras de resistencia aos tempos de incerteza. *Graffitis* de Novoneyra, cheos de música, á procura incesante da liberdade para o seu pobo. *Canto cosmos!*: nos poemas caligráficos de Uxío Novoneyra.

A large, dense, and highly stylized handwritten signature in black ink, featuring multiple overlapping loops and flourishes, filling the majority of the page. The signature is written in a cursive, calligraphic style with many overlapping strokes and loops, making it difficult to decipher. It appears to be a single name or a set of initials, but the complexity of the script obscures the specific letters. The ink is black and the background is white.

Depois
das tribulações
experiências
lista século
é um insulto
presentar
a igreja
comp. santa.




"Irei un día do Courel a Compostela por terras liberadas?" (1957)



“Biquei a súa tristura i atopei os labios. Na aberta prendémolo Mundo” (1964)

En 2009
Donde
Fundación
Cervantes
en el
na do
mundo
de la
literatura





All the
 the the the
 the the the
 the the the
 the the the
 the the the

12

13

14

15

16

17

18

19

20

21

22

23

24

25

26

27

28

29

30

31

32

33

34

35

36

37

38

39

40

41

42

43

44

45

46

47

48

49

50

51

52

53

54

55

56

57

58

59

60

61

62

63

64

65

66

67

68

69

70

71

72

73

74

75

76

77

78

79

80

81

82

83

84

85

86

87

88

89

90

91

92

93

94

95


96

97

98

99

100



"A Reimundo Patiño. No bosque –entrelazo o berro que esnaquiza abre un ámeto múltiple" (1962)





“Antonio Gades. Bailas e faisme libre” (1966)


~~STANNO IN~~
Quo. C.
Comit
Loren
n-
exs.
non de quip
on dms
ma.

UNHA TERRA
de vida e de paz
de liberdade
e de xustiza
a todos os
poboamentos
e a todas as
poboacións
e a todos os
pobos.
En Galicia
16.

1. Leirir no Courel a Compostela
por terras liberadas. Ita
survir. — Enfre
en veia xue esta door
e por algo xue lin non
tina sin xudante val.




Wm. L. Stoner
of the
to the
W. L.



"Como en nada graba o tempo no home" (1974. Alacante)

Nunca eu fun
como te
afecto
1962



1953.

“Os caligramas conforman unha parte esencial da miña obra. Por debaixo dos grafismos, adoito poñer o texto mecanográfico como referencia, como simple acompañamento porque o que escribo a man non é para ser lido: é para ser sentido. Quero dicir: sentir a súa estremada tensión gráfica”. **Novoneyra**

A análise feita
pola Real Aca-
demia Galega
das *Bases para*
o decreto do
plurilingüis-
mo no ensino
non universi-
tario de Galicia

Nunca antes a Real Academia Galega (RAG) se pronunciara dun xeito tan contundente contra unha decisión do Goberno en materia de política lingüística. O informe da institución –que Revista das Letras recolle neste número– sobre as bases do novo decreto que regulará o uso do galego no ensino é claro: o borrador é inaxeitado desde o punto de vista pedagóxico e sociolóxico, inconsistente legalmente e irresponsable coa promoción do galego, que retrotrae a décadas atrás. Sindicatos, asociacións de pais, –agás a Congapa–, os partidos da oposición, colectivos normalizadores e profesores apoian a óptica da RAG, aínda que tanto o secretario xeral de Política Lingüística como o conselleiro de Educación parecen non darse por aludidos. O rexeitamento case unánime ás bases do decreto non fixo polo momento recuar ao Goberno, aínda que algunhas

O ditame da RAG

voces dentro do PP comezan a aceptar que se introduzan algunhas modificacións, a partir da roda de contactos iniciada polo Executivo con distintas organizacións. O prestixio dunha Academia centenaria como a galega, –á que se ten criticado por permanecer demasiado ancorada no seu papel institucional–, no medio dun proceso de remuda que segundo as previsións levará a Méndez Ferrín á presidencia, reforzarase sen dúbida con esta aposta tan directa por plantarlle cara a unha agresión do Goberno ao idioma. Unha iniciativa situada por outra banda na liña seguida pola RAG nos últimos meses da presidencia de Xosé Ramón Barreiro, con declaracións públicas en contra da política lingüística do PP e coa difusión o maio pasado do documento ‘Unha lingua para todos’.

Análise da Real Academia Galega das *Bases para o decreto do plurilingüismo* no ensino non universitario de Galicia

O pasado 30.12.2009 a Real Academia Galega recibiu do Goberno Galego o documento titulado **Bases para o decreto do plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (no sucesivo Bases)**. Trala correspondente análise e deliberación esta Institución declara o seguinte:

1. As *Bases* que se analizan poderían producir un retroceso no proceso de normalización da lingua galega, que infrinxe a lexislación vixente e maila xurisprudencia emitida polos altos Tribunais e que tampouco se sustenta na mellor organización do proceso pedagóxico senón, unicamente, en promesas electorais que son de dubidosa legalidade e que, por esa razón, non parecen validables polas urnas. Como é de razón, non é o resultado electoral o que se cuestiona neste ditame senón a coherencia legal deste proxecto e tamén a viabilidade e oportunidade didáctica. Estas *Bases* sorprenden, porque o partido que sustenta o Goberno actual xogou un importante papel en lexislaturas anteriores para acadar os consensos que permitiron aprobar a Lei de Normalización Lingüística (1983), a sinatura da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias (2001) e mailo Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (2004). Ende ben, son *Bases para o Decreto*, non son aínda o Decreto; e o obxecto deste ditame é sinalar os puntos escuros para que o diálogo parlamentario mellore este texto e se acade un novo e necesario consenso.

2. Son de obrigado cumprimento a **Constitución**, que no art. 3.2. di que [a lingua galega] *é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección*; o **Estatuto de Autonomía**, que no seu artigo 5 define o galego como *lingua propia de Galicia*; a **Lei 3/1983 de Normalización Lingüística**, que obriga a *favorecer un cambio de tendencia na consideración social do galego e na súa incorporación a novas esferas da vida social*; a **Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias** ⁽¹⁾, porque este tratado internacional, asinado e referendado polo Reino de España en 2001, utiliza un concepto de normalización que non se encerra no mundo do ensino, senón que é máis transversal, detallado e actualizado cá nosa propia lexislación. As Bases deberían tamén ser coherentes co **Plan Xeral de Normalización** ⁽²⁾, que diseña estratexias e medidas para *que a lingua galega consiga máis funcións sociais, máis espazos de uso e prioridade en sectores estratéxicos*.

3. Pero tamén son pertinentes, aínda que nestas *Bases* non se citen, diversas sentenzas dos Tribunais Constitucional, Supremo e Superiores emitidas en resposta a diferentes recursos contrarios á normalización das linguas oficiais e que establecen a lectura oficial da Constitución. Así esta, referida ao catalán pero de plena aplicación ao galego:

Al igual que es legítimo que el catalán, en atención al objetivo de la normalización lingüística en Cataluña, sea el centro de gravedad de este modelo de bilingüismo, siempre que ello no determine la exclusión del castellano como lengua docente de forma que quede garantizado su conocimiento y uso en el territorio de la Comunidad Autónoma. (Fundamento 10 da sentenza 337/1994, de 23 de decembro do Tribunal Constitucional).

Dentro de las "acciones políticas" que el art. 3 del Estatuto de Autonomía de Cataluña. permite llevar a cabo a la Generalidad se incluyen, como ya se ha declarado por este Tribunal, las disposiciones de las Comunidades Autónomas encaminadas a promover la normalización lingüística en su territorio (SSTC 69/1988 y 80/1988).

Disposiciones cuyo objetivo general no es otro que la de asegurar el respeto y fomentar el uso de la lengua propia de la Comunidad Autónoma y cooficial en ésta y, a este fin, corregir positivamente una situación histórica de desigualdad respecto al castellano, permitiendo alcanzar, de forma progresiva y dentro de las exigencias que la Constitución impone, el más amplio conocimiento y utilización de dicha lengua en su territorio. (TC; sentenza 337/1994, Fundamento xurídico 6).

Constitucionalmente, polo tanto, a promoción e normalización do galego non teñen máis límite cá garantía de que se ensine e coñeza e use o castelán. O galego pode ser mesmo o centro de gravidade do ensino. O fundamento destas normas é a convivencia e a necesidade de corrixir positivamente unha situación histórica de desigualdade verbo do castelán. Esta é a base

legal de calquera política lingüística.

4.1. Pero hai dous conceptos na doutrina constitucional que cómpre lembrar. **Coñecer unha lingua é condición previa para poder exercer o dereito constitucional de usala.** A Constitución recoñece o dereito de usar o galego polo seu carácter cooficial. Ora ben, unha persoa non pode usalo, se non o coñece (elemento obxectivo que lle impide tomar unha decisión libre); nin pode decidir usalo, aínda que o coñeza, se ten prexuízos cara a el, ou se sofre presión social ou ambiental que o cohiba (elemento subxectivo que o forza a unha decisión non libre ou viciada). Faltando calquera un deses elementos, esa persoa non pode exercer a súa liberdade individual a escoller a lingua oficial da súa preferencia. En Galicia é sabido que unha parte da xente nova ten pouca fluidez expresiva en galego e parte da xente maior non o sabe escribir: é dicir, hai dous sectores sociais con mingua da súa liberdade de elección. Isto obriga os poderes públicos a garantiren que tódolos cidadáns van poder coñecer suficientemente o galego como para poder empregalo se así o desexaren; obrígaos a crearen as condicións para o libre uso do galego. E todo isto, que asenta directamente no artigo 3 da Constitución, leva a



poñer en marcha políticas activas que progresivamente fagan normal para todos o uso dese dereito. As políticas lingüísticas, non só escolares, son un xénero das políticas da promoción da igualdade efectiva. Buscan que a diferenza deixe de ser unha realidade anormal, buscan *facen normal a diferenza* e por iso o Tribunal Constitucional fala, con rigor, de normalización.

4.2. O segundo concepto, tamén solidamente asentado na lei e na xurisprudencia, é a **discriminación positiva para corrixir desigualdades históricas**: os poderes públicos están obrigados a *removeren os obstáculos que impidan ou dificulten a plenitude dos individuos* (Constitución 9.2.) e, cando as desigualdades teñen o peso do tempo, a Administración debe facer unha discriminación positiva a prol do marxinado. En palabras simples, quere dicir tratar igual o igual; pero desigual o desigual. Por iso se impoñen medidas activas a prol da muller e contra a súa discriminación. A Constitución esixe dos poderes públicos, enfrontados a unha situación de desigualdade de orixe histórica, a adopción dunha actitude positiva e dilixente tendente á súa corrección (STC 216/1991). No caso da discriminación lingüística, tal e como reiteradamente ditaminou o Tribunal Constitucional, esixe procesos de normalización progresivos. Nisto asenta a nosa Lei de Normalización de 1983.

A lingua galega, é dicir, os falantes de lingua galega, non precisan documentar a súa marxinación histórica: é ben coñecida non só por séculos de emigración dun país non pobre ou pola forma en que a figura do galego é remediada na literatura en castelán, senón pola baixa autoestima con que moitos galegos miran hoxe aquilo que máis os define, que é a lingua, prexuízo que lles impide exercer o seu dereito a usala. Chega con ver a desvantaxe que sofre hoxe nas relacións sociais non pouca xente galega que pretende empregar o galego con normalidade en tódolos eidos da súa vida. Chega con comparar a oferta que hai hoxe en galego e en castelán na TV, na radio, nos cines, en xornais, en misas, nas aulas universitarias, na publicidade, no comercio, na banca etc. Esta é unha sociedade na que conviven dúas linguas pero de xeito asimétrico; hai unha lingua propia que ten que loitar día por día para non perder o seu terreo e hai outra que goza de inmensas regalías e todo lle vén á man.

Sendo as dúas linguas un patrimonio que a Constitución manda gardar, é obvio que hai que facer un esforzo tamén asimétrico na protección e fomento da lingua en dificultades. A Xunta de Galicia non pode dubidar se implanta ou non na súa política pública medidas de igualdade; e o carácter progresivo da Lei de Normalización e a persistencia da desigualdade tampouco permiten discutir se agora toca freala. Aquí xorde a necesidade de leis correctoras coma a Lei de Normalización lingüística, que obrigan o Poder Público a poñer en marcha progresivamente medidas de acción positiva que muden a situación de desigualdade. A igualdade é un punto de chegada.

A igualdade que postulan as *Bases*, en cambio, é a igualdade de desiguais (galego, castelán e inglés). Tratar igual dúas (ou tres) linguas desiguais é un acto de desigualdade. O Tribunal Constitucional, en situacións diferentes a esta pero paralelas, xa alertou contra o tratamento formalmente neutro que acaba xerando un impacto adverso (STC 198/1996; SSTC 145/, 286/1994 e 147/1995).

A referencia ao Decreto 124/2007, de 28 de xuño, que se pretende derrogar parece obrigada. Pero contén dúas afirmacións que requiren comentario. A de que o Decreto vixente non establece un número ou unha porcentaxe mínima de materias impartidas en castelán pode ser certa; pero, ademais da sentenza 337/1994 do TC, debe recoñecerse que o Plan Xeral, do que deriva o Decreto e que as *Bases* citan como elemento de referencia pertinente, establece que como mínimo o 50% das materias deben impartirse en galego na educación primaria (medida 2.1.26.), secundaria (2.1.27.), nos bacharelatos (2.1.28.) e nos ciclos formativos (2.1.29.). *Como mínimo e polo menos* son sintagmas que usa con frecuencia o Plan Xeral en diversos ámbitos⁽³⁾ como

garantía de que con el a lingua galega empezará a ter presenza en ámbitos da vida social, que a rutina lle vén vedando, ou deixará de ter unha posición irrelevante. Tres anos antes foi precisamente o partido que actualmente goberna en Galicia quen levou ese texto ao Parlamento; e leváralo sabedor de que a intención do Plan non era a eliminación ou a subordinación do castelán⁽⁴⁾; como non o é a do vixente Decreto⁽⁵⁾. Na apertura do diálogo esta Academia convida a Xunta de Galicia a transitar sen medo por eses *como mínimo ou polo menos*, porque son expresións garantistas a prol dunha lingua que, usando palabras do Tribunal Constitucional, debe corrixir unha desigualdade histórica.

Na mesma referencia ao Decreto vixente dise que podería cambiar o modelo de conxunción de linguas por un modelo de *inmersión*. Parece aludirse aí á inmersión lingüística como algo pernicioso e poida que de aí nacesse a *pantasma da imposición lingüística*. A inmersión é un método didáctico de aprendizaxe de linguas que dende que se experimentou no Canadá con extraordinarios resultados, produciu diversas imitacións en moitos Países. Inmersión lingüística é a que practican con éxito non só centros oficiais como o British Council, a Alliance Française ou o Goethe-Institut senón tamén as mellores academias de aprendizaxe de idiomas. É o método máis rápido, máis eficaz e de máis garantía. Isto é sabido des que en 1643 Comenius escribiu a *lanua Linguarum Reserata* co seu método V.I.A. para aprender latín como unha lingua materna. Proba disto é que persoas que se opoñen ao Decreto vixente seguramente non terían inconveniente en mandaren os seus fillos a practicar a inmersión lingüística en Inglaterra, Francia ou Alemaña. A inmersión é un método didáctico simple, eficaz e avalado polo Consello de Europa; pero é un simple método de aprendizaxe, non é un proceso de limpeza étnica.

É certo que, tal como citan as *Bases*, o vixente Decreto 124 de 28.6.2007 tivo un previo ditame desfavorable do Consello Consultivo (366 de 12.6.2007), ditame, por certo, non desfavorable a todo o articulado senón a algúns puntos concretos. Pero non se comprende que, en cambio, as *Bases* non teñan en conta que dous dos artigos que a oposición da época considerou máis incómodos (o 13, referido á lingua que deben utilizar o alumno e os materiais didácticos; e o 2, referido á lingua da administración educativa) foron recorridos ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e que ese Tribunal os declarou conformes a dereito⁽⁶⁾. Nesa sentenza lémbrese a doutrina do Tribunal Constitucional e engádese: *La misma sentencia 337/1994, junto a la 137/1986, avala que la lengua gallega pueda servir de vehículo de comunicación con carácter general en la enseñanza y centro de gravedad del modelo de bilingüismo, al exigirse en los estudios básicos no sólo su aprendizaje como materia curricular sino su empleo como lengua docente, estando habilitados, pues, los poderes públicos educativos para organizar la enseñanza de dicha lengua cooficial estableciendo su uso en atención a los objetivos de normalización lingüística, por lo que resulta constitucionalmente legítima la exigencia de utilización con carácter general, y sin exclusivismos, asimismo por parte del alumnado, desde la única perspectiva de los derechos fundamentales que se dicen vulnerados, que es la que aquí nos corresponde examinar, pues aquel carácter general permite la modulación en casos concretos. En este punto conviene destacar la relación de sujeción especial con la que están vinculados los alumnos, tal como destacó la sentencia del Tribunal Supremo de 17 de abril de 1996. (TSXG, Sentenza 1084/2007).*

O galego pode, polo tanto, ser legalmente o centro de gravidade do ensino. E debe selo para compensar unha situación histórica de desigualdade verbo do castelán. Esta é a doutrina do Tribunal Constitucional.

Que a inmersión non é mala demóstrano as propias Bases, cando caladamente a introducen, para o estudo dun 33% das materias en lingua estranxeira, xa que nas epígrafes 4.2. e 4.3. non esixen expresamente unha proba previa de comprensión desa lingua, co que poderían participar alumnos que non a coñezan abondo con tal que estean dispostos a mergullarse nela se así o piden os

proxenitores deles. Máis aínda, como se dirá no punto 10., nese caso estas Bases non permiten que o alumno se dirixa ao profesor noutra lingua que non sexa esa lingua estranxeira. Se a inmersión de nenos galegos nunha lingua estranxeira non é nociva, tampouco debería selo a inmersión no galego. Esta Real Academia recomenda suprimir das Bases esa alusión altivamente negativa á inmersión lingüística; e recomenda asumir, pola contra, que este método didáctico pode ser eficaz na aprendizaxe de calquera lingua.

5. Derrogar un Decreto anterior entra nas competencias ordinarias dun Goberno pero deberá recoñecerse que a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 21.11.2007 validou contidos esenciais do Decreto 124/2007 e só reprobou algúns aspectos de procedemento. Estas Bases, en cambio, con estas consultas previas, poden estar salvando aspectos de procedemento; pero na súa redacción coñecida conteñen graves chatas legais e didácticas, como se dirá.

6. A consulta vinculante aos pais. O ensino ten encomendadas, entre outras funcións, a adquisición das dúas linguas oficiais pero tamén a de asegurar o respecto e fomentar o uso da lingua propia da Comunidade Autónoma, para corrixir positivamente unha situación histórica de desigualdade respecto do castelán e para difundir o coñecemento e uso desa lingua. É doutrina, como se dixo, do Tribunal Constitucional. O establecemento da lingua en que se vai ensinar é crucial nun territorio bilingüe. Cómpre, logo, ver qué parámetros manda usar na planificación o Decreto vixente (124/2007); e cáles, as *Bases* que pretenden substituílo.

No Decreto 124/2007, artigo 7.2, sublíñase: “7.2. A lingua materna predominante será determinada polo claustro, de acordo cos criterios establecidos no proxecto lingüístico. Para o establecemento da lingua materna deberán terse en conta, entre outros, os datos achegados polo mapa sociolingüístico de Galicia, os datos estatísticos oficiais e a información achegada polos pais e nais”. Nas Bases para a elaboración do decreto de plurilingüismo, no artigo 3.2, indícase: “A lingua materna predominante será determinarase preguntándolle a cada familia pola lingua materna do seu fillo ou filla. Esta consulta farase mediante unha pregunta que as familias contestarán durante o proceso de preinscrición”.

Mentres o Decreto vixente manda analizar o Mapa Sociolingüístico, datos estatísticos da contorna e a información dos pais; nas Bases o decisivo é a opinión dos pais. Esta innovación que pretenden establecer as Bases ten sorprendida unha parte importante da sociedade galega. Así que cómpre preguntar: ¿recoñece a Constitución o dereito a que os pais elixan a lingua do ensino?

6.1. O Tribunal Constitucional nega inequivocamente que os pais teñan dereito a elixir a lingua do ensino: *en la Sentencia del TC 195/1989* ⁽⁷⁾ *se declaró que “ninguno de los múltiples apartados del art. 27 de la Constitución Española –ni el primero, al reconocer el derecho de todos a la educación, ni el segundo o el séptimo, en los que aparecen claramente mencionados los padres de los alumnos (...)– incluye, como parte o elemento del derecho constitucionalmente garantizado, el derecho de los padres a que sus hijos reciban educación en la lengua de preferencia de sus progenitores en el Centro docente público de su elección”* (sentenza TC 337/1994; fund. xur. 9A).

Négao, porque a responsabilidade da planificación lingüística é dos Poderes Públicos, que están obrigados a restauraren a igualdade. O único ámbito no que a Constitución recoñece aos pais o dereito a interviren na educación é en asuntos relativos á relixión ou á moral (art. 27.3.). E unha recente sentenza 1098/2007 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia denegou a un pai o dereito a que o seu fillo fose escolarizado en Galicia só en castelán⁽⁸⁾. O reclamante chegou ao Tribunal Supremo que non admitiu o recurso de casación interposto, lembrando a xurisprudencia constitucional e a do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, no sentido de que: *...si se reconocieran a toda persona dependiente de la jurisdicción de un Estado el derecho a ser instruido en la lengua de su elección, conduciría a resultados absurdos, ya que todos podrían así reivindicar una instrucción impartida en cualquier lengua, en cualquiera de los territorios* [ademais de que] *“la discriminación se produciría precisamente en el caso de que la Administración autorizase lo pretendido por el recurrente, en el sentido de permitir que, a criterio del peticionario, se pudiera cursar un determinado tipo de estudio con olvido o marginación de una las lenguas concurrentes.*

(Sentenza de 21.10.2009 do Tribunal Supremo).

A Constitución Española non só non lles recoñece aos pais o dereito a elixiren a lingua do ensino senón que, pola contra, como se viu no punto 3., admite, coa mesma condición, que o centro de gravidade do ensino estea na lingua cooficial local para corrixir desequilibrios históricos. Sendo isto así, a consulta vinculante aos pais sería un acto contrario á lexislación realizado por unha Administración, que, pola contra, está obrigada a protexer a lingua propia de Galicia, para *corregir positivamente una situación histórica de desigualdad respecto al castellano* (TC).

Polo tanto, se a promesa feita na precedente campaña electoral non era constitucional, agora tampouco pode invocarse unha vitoria nas urnas para validar o que segue sen ser constitucional. Na discrepancia con estas Bases non está en xogo o respecto a unha vitoria electoral.

6.2. Cando o Tribunal Constitucional nega que os pais teñan dereito a escoller a lingua do ensino, non está atacando os valores democráticos. Son moitas as cousas verbo das cales os pais tamén terían opinión, e unha opinión menos condicionada, pero que a racionalidade encomenda á xestión pública: o excesivo número de materias, o carácter verdadeiramente enciclopédico de tódolos libros de texto e o prezo deles, os exames non orais, o número de alumnos nas clases de idiomas, o cumprimento de principios didácticos como motivación, gradualidade, individualización e socialización, sen os que o fracaso escolar é seguro. Que non se pregunte aos proxenitores sobre a organización interna dos Centros non é unha mostra de pouco espírito democrático senón evidencia de que, en introducindo tantos intereses particulares, calquera entidade deixa de ser gobernable⁽⁹⁾.

6.3. A intervención directa dos pais na dinámica lingüística da aula, que pretenden estas Bases, enfrontaría ademais os Centros a outros problemas prácticos.

6.3.1. Dado que nos niveis superiores a opción lingüística ten unha vixencia de catro anos, habería pais que impedirían a liberdade de elección dos pais dos tres cursos seguintes e seguirían decidindo o funcionamento do Centro mesmo cando os seus fillos xa estivesen rematando o grao universitario. É imposible entender en qué dereito asentaría que un pai puidese tomar decisións por outros pais e previsiblemente en certos casos contra a lingua familiar desoutros pais.

6.3.2. É ben sabido que, aínda que a lexislación preceptúa niveis de galeguización do ensino, en moitos Centros non se acadaron os mínimos. Os sucesivos Gobernos galegos non acadarían os resultados que lles marca a lexislación, de non existir nos claustros un voluntariado que leva anos formándose en pedagogía, renovando os seus métodos, buscando descubrir dende a realidade galega do alumno a realidade do mundo enteiro e creando materiais didácticos novos. Unha parte importante destes artífices da renovación didáctica de Galicia ensina en galego. E son eles os que, case sempre, equilibran as baixas porcentaxes de presenza do galego no ensino, esas estatísticas que o Estado Español debe presentar ao exame do Consello de Europa que cada tres anos controla o cumprimento da Carta Europea das Linguas. Ben, pois a intervención vinculante dos pais podería resultar desalentadora para este voluntariado e faría moito máis tensa a vida dos Centros.

Ende ben, esta enquisa vinculante non é legal, así que esta Academia entende que este problema non chegará a producirse.

A cuestión da **lingua predominante** é algo que o profesor resolveu sempre con sentido común, de maneira informal e con afecto aos alumnos. Pero xa hai anos que a lexislación prescribe formas de establecela. Véxase como o resolven o Decreto vixente e as Bases: **No Decreto 124/2007, Artigo 7º. -Educación infantil: 1. Na etapa de educación infantil, o profesorado usará na clase a lingua materna predominante entre o alumnado, terá en conta a lingua do contorno e coidará de que o alumnado adquiera, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios da correspondente etapa ou ciclo. No caso de contornos castelán falantes, a utilización nesta etapa da lingua galega como lingua de comunicación e ensinanza será, como mínimo, igual á da lingua castelá. Fomentarse a adquisición progresiva da lectura e da escritura en galego, no sentido de que este se convirta no idioma base da aprendizaxe, de xeito que o alumnado obteña unha competencia que lle permita comunicarse normalmente en galego co alumnado e o profesorado. Nas Bases para a**

elaboración do decreto do plurilingüismo, Artigo 3º.-Educación infantil.

1. Na etapa de educación infantil, o profesorado usará na clase a lingua materna predominante entre o alumnado, terá en conta a lingua do contorno e coidará de que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios da correspondente etapa ou ciclo. Garantirase que se atenderá de xeito individualizado o alumnado que non teña coñecemento suficiente da lingua predominante na aula.

7.1. As Bases eliminan a protección do galego en contornas urbanas, ámbito no que a necesidade de protección é notoriamente máis intensa. Nisto incumpren o espírito da lei que, en palabras do Tribunal Constitucional, é *corrixir positivamente unha situación histórica de desigualdade fronte ao castelán*.

Ora ben, aparecerían problemas prácticos. Como os resultados da enquisa teoricamente poden dar cifras de 49% e 51% a favor de cada unha das dúas linguas, ata pasar os exames de setembro e cerrar as matrículas non se sabería cal é a lingua predominante das aulas todas; quere dicir que ata a segunda semana de setembro non sería posible establecer a lingua de tódolos libros de texto, distribuír todo o profesorado, facer as programacións didácticas e cerrar a planificación do curso. Isto afecta tamén a planificación e distribución editorial e a contratación de profesorado, que non parece asunto menor. Pero, se na semana seguinte chegase un alumno trasladado a unha aula que estivese na proporción 49%-51%, podería obrigarlle a reaxustar o proceso todo.

7.2. Non é o mesmo marcar as materias por linguas ca marcar os alumnos por linguas. Xogan aquí, maiormente nos niveis iniciais do ensino, delicadas teclas psicolóxicas e pedagóxicas. No contexto sociolingüístico de Galicia marcar os meniños de infantil e primaria por linguas resultaría antieducativo: en tódalas aulas habería un grupiño de perdedores que se sentirían humillados e estaríamos afastándonos aínda máis da convivencia lingüística. Aínda que o galego é a lingua maioritaria de Galicia (polo tanto predominante), é moi desigual a oferta de galego e castelán nos medios de comunicación, na universidade, nas empresas, nas notaría, na igrexa, no comercio, en todo canto constrúe a mentalidade social. Isto provoca que moitos galegofalantes oculten a lingua nos momentos decisivos. Quere dicir que a lingua predominante convértese, por ocultación, en minoritaria; e viceversa. Precisamente un dos grandes obxectivos do Plan Xeral de Normalización é **facer visible a lingua ocultada**⁽¹⁰⁾. É seguro que moitos pais galegofalantes, antes de manifestaren a súa lingua, observarían qué é o que di a maioría e tratarían de que o seu fillo quedase incorporado a unha maioría cómoda. Porque, aínda que as Bases din que se garantirá a atención individualizada ao outro grupo (que, como se dixo, pode ser o 49%), non din qué se fai cos alumnos de lingua non predominante, non din se iso o ha de facer o mesmo profesor ou outro; se o ha de facer na mesma aula ou noutra. Non é doado aclaralo, porque a Lei de Normalización (13.3.) exclúe a segregación por aulas, pero xa se oíron declaracións falando dunha *segregación light*, coma se un Decreto puidese modificar unha Lei. E, se a cuestión da lingua predominante marca e divide os meniños por lingua, xa non é que quede en afirmación retórica a atención aos alumnos de lingua non predominante, previsiblemente sempre galega: é que aí o sistema crea un grave problema. Sexa o galego ou sexa o castelán a lingua que resulte non predominante, a marca parece impropia dunha pedagogía humanista. É contrario ao ensino constitucional permitir que os pais entren nas aulas para marcar os alumnos por lingua.

7.3. Cada alumno é un mundo. Nin dous irmáns xemelgos son iguais. Cada alumno trae á aula un contorno familiar diferente, tan diferente que a desigualdade de mentalidades, de obxectivos vitais, de niveis económicos, de experiencias vividas é moito máis significativa cá simple diferenza de capacidade intelectual. Para un bo profesor iso non é novo, porque o ensino debe ser capaz de penetrar no caso único que é cada alumno para entrar no seu particular estado da cuestión; e cos vimbios que ten (non cos que se lle supoñen) empezar a tecer. Para un verdadeiro pedagogo non hai programas: hai alumnos. A individualización do traballo pedagóxico é un dos catro principios básicos desta ciencia e por iso fai que esta profesión sexa terapéutica e sagrada. Pero outro deses catro principios é a socialización: o alumno debe aprender a vivir en grupo, a traballar en grupo, a progresar en grupo; debe estimular e estimularse cos progresos dos seus pares. ¿Como facelo, se o meniño se ve apartado dos que lles gustaría ser amigo polo feito de que fala unha lingua que el se cadra xa intúe que é socialmente inferior? ¿Pensou o lexislador que con toda probabilidade a lingua non predominante vai ser sempre a galega, porque o é (en parte do mundo urbano) ou porque os pais preferirán aforrarlle á súa criatura o sufrimento de verse apartada do grupo?

7.4. E, de facer a consulta, aquel mandato legal obriga a que a formulación sexa tan fina que impida que o pai en ningún caso poida dar unha resposta condicionada pola debilidade da lingua que, precisamente, hai que protexer. ¿Cal é a lingua materna, cando os pais sempre falan galego pero os fillos falan castelán, por botaren horas ante un televisor en castelán mentres os pais están no traballo? ¿Vale como lingua materna aquela que os pais realmente falan ou vale aquela que se vexan forzados a considerar máis importante para o seu fillo? ¿Como se desambigua isto? ¿Que lingua marcarán os pais bilingües, se só lles deron a escoller unha? Non é doado encontrar unha fórmula que non condicione a resposta pero unha enquisa oficial e legal nunca debe formular preguntas de resposta condicionada.

7.5. É positivo que na epígrafe 3.3. das Bases (e posiblemente tamén na 5.) se estableza que, en calquera caso, o alumnado adquirirá de forma oral e escrita o coñecemento da lingua oficial non predominante; pero é dubidoso que isto se poida levar a cabo, se no nivel infantil se fixan as diferenzas familiares de partida, imposibilitando o equilibrio nos niveis superiores. Se dende o comezo da educación non se garante o coñecemento e, sobre todo, a actitude positiva ante a outra lingua, estaríase impedindo a posterior liberdade de elección que tanto se invoca. Non é a fría lei, senón o afecto, o que pode impulsar un meniño a aprender unha segunda lingua; pero estas Bases, deficitarias de rigor legal, saíron, sobre todo, deficitarias de afecto á lingua galega: parece que naceron para coutarlle o territorio.

La Administración educativa no puede abdicar de la obligación que en el Estatuto se le impone de pretender normalizar el uso del gallego dentro de su esfera de competencias pues en su art. 5 define el gallego como lengua propia de Galicia (Sentenza 1084/2007 do TSXG).

Resumindo, a consulta vinculante aos pais, ademais de carecer de base legal, viría crear máis problemas cós que pretende resolver. Son as dúas razóns as que aconsellan suprimila.

8. A cuestión das linguas estranxeiras. Efectivamente o plurilingüismo é un vello obxectivo de toda a sociedade, precisamente porque é unha carencia. Hai un vello dito latino Tot linguas calles, tot homines vales “Tantas linguas comprendes, tantos homes vales”. As linguas son multiplicadores da propia competencia: unha persoa con tres idiomas multiplica por tres as súas posibilidades de traballo. É certo que hoxe os pais ricos mandan os seus fillos ao Reino Unido a mergullarse no inglés e que os pais proletarios non sempre o poden facer e que a inmersión a domicilio que propón este proxecto de decreto igualaría neste punto as diferentes clases sociais. É tamén certo que recibir clase dalgunha materia nun idioma estranxeiro multiplica a fluidez expresiva nese idioma. Apláudese o obxectivo porque ata aí todo é correcto.

O que non parece correcto é que se presente este proxecto do plurilingüismo como unha novidade que vai chegar agora en compensación do sacrificio de reduciros a presenza do galego coa aprobación destas Bases. Non está no texto das Bases pero está na música que o acompaña: os galegos disque temos que sacrificar a nosa lingua local para sermos universais. Esta é unha vella leria, que moitas veces vén de persoas non precisamente políglotas. A realidade é que o fomento do plurilingüismo xa está preceptuado polo Decreto que se quere derrogar (artigo 14.1.b. e D.A. 3ª); e, segundo informou no seu día a Consellería de Educación, no curso 2008-2009 houbo un programa de 200 horas de formación para 160 profesores de lingua estranxeira ou de seccións bilingües; 44.000 escolares de 3-5 anos tiveron unha hora á semana amais de aproximación á primeira lingua estranxeira; en 184 Centros houbo 627 grupos con ensino dalgunha materia en lingua estranxeira (chamadas seccións bilingües) e en 37 Centros houbo 108 grupos de aprendizaxe complementaria dunha lingua estranxeira fóra do horario escolar; e 2.500 rapaces e rapazas foron tres semanas a Francia, Inglaterra, Irlanda, Estados Unidos ou Canadá; aos que hai que sumar outros 1000 máis en intercambios. Ende mal, o portugués non figura na lista de linguas estranxeiras a aprender, sendo que ninguén está mellor situado có alumnado galego para aprendelo. Non é coa aprobación das Bases cando vai empezar o plurilingüismo no ensino galego. A mensaxe de que debemos ser modernos, reducir a presenza do galego para que entren as linguas estranxeiras na nosa mocidade é capciosa: elas xa están aquí. O Goberno debe lembrar que algunha destas iniciativas empezou a agromar mesmo antes de 2005. O nivel de idiomas da nosa mocidade non é o desexable pero o déficit xa non é o de hai trinta anos. Precísanse medios económicos para máis intercambios, medios técnicos para unha aprendizaxe esencialmente oral e personalizada e menos alumnos para cada profesor. Pero nin se precisa poñer a lingua estranxeira ao nivel dunha lingua oficial, nin reducir a presenza do galego a un 33%, nin, menos aínda, facer circular a idea de que hai que deixar o galego para aprender idiomas importantes.

Esta Academia observa que as Bases nestas clases en linguas estranxeiras non permiten que o alumno poida falar na lingua que queira: velaí a proba de que, cando se quere conseguir a competencia expresiva, o alumno debe falar a lingua na que se explica. Resumindo, plurilingüismo, si; pero non así.

9. A garantía da competencia lingüística na fin dos ciclos (9.5.) reproduce o que estipula o art. 14.3. da Lei de Normalización Lingüística. Este punto é un dos máis interesantes e positivos do proxecto de Decreto. Realmente, a efectos lingüísticos, non importaría tanto os percorridos, se na fin do ensino obrigatorio tivermos alumnos perfectamente competentes en tres linguas. O problema está na indefinición de como se vai comprobar esa competencia, que deberá ser tanto oral coma escrita, cal é o nivel mínimo esixido para cada ciclo e que acontecería no caso de que un alumno non acadase esa plena competencia nunha das tres linguas. Este asunto é crucial, porque un alumno non é competente nunha lingua ata que sabe desenvolverse, sobre todo oralmente, en situacións formais e informais e nisto hai xa niveis internacionalmente homologados. Este punto na redacción actual está moi borroso, precisa concreción pero é a mellor proposta destas Bases.

10. A libre elección de lingua por parte do alumnado. Este, en cambio, é un dos aspectos máis estraños do proxecto. O profesor estaría obrigado a ensinar na lingua que decidan os pais pero o alumno non estaría obrigado a falar na lingua na que explique o profesor; é dicir, mesmo en desacordo cos pais del. Cómpre lembrar que este asunto foi ditaminado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa sentenza 1084/2007, que considerou legal o art. 13 do Decreto vixente que di: *Nas áreas, materias ou módulos impartidos en lingua galega, o alumnado utilizará, con carácter xeral, o galego nas manifestacións oral e escrita* (Decreto 124/2007; 13.1).

As Bases deciden ignorar esta sentenza vinculante e agora propoñen outra redacción: *En todas as áreas, materias ou módulos impartidos en galego ou en castelán o alumnado poderá utilizar nas manifestacións oral e escrita a lingua oficial da súa preferencia* (Bases 7.3.).

É dicir, perdida por un particular a batalla xudicial de negarse a responder en galego nas materias impartidas en galego, o Goberno pretende decretar explicitamente o contrario, sabendo que nese punto o Decreto anterior era legal. É difícil comprender este interese en favorecer que os alumnos usen na aula unha lingua diferente á que usa o profesor. Como modelo didáctico resulta estraño.

Unha cousa é que o profesorado habitualmente non faga cuestión de que lle respondan noutra lingua oficial; e outra é que se estableza legalmente que esa pode ser a conduta constante de todo o alumnado. ¿Beneficia iso a adquisición de competencia activa nas dúas linguas? ¿Garante que non se usará como forma legal de desprezo do galego? Non parece claro que exista o dereito ao descoñecemento dalgunha lingua cooficial, porque o dereito á educación non comprende a facultade de exclusión de ningunha delas, e o poder público ten o deber de asegurar que si se coñecen (STC 87/1983 e 88/1983).

É unha norma de intención estraña, maiormente porque o idioma estranxeiro queda a salvo desta discrecionalidade: o artigo 7.3. di que isto afecta aos módulos impartidos en galego ou castelán pero non menta as linguas estranxeiras: de onde parece deducirse que nas materias explicadas nunha lingua estranxeira o alumno, si, estará obrigado a utilizar esa lingua en tódalas súas manifestacións orais e escritas; e nese caso, como se dixo atrás, a lingua estranxeira tería un tratamento preferente ao que reciben as linguas oficiais.

Parece máis pedagóxico que o alumnado utilice a lingua establecida para esa materia, que para iso se estableceu: iso facilita a adquisición da competencia lingüística que se garante en 9.5. e tamén a boa crianza nas relacións humanas. Parecería mesmo coherente coa norma 2.2. das Bases, que esixe que as programacións das materias lingüísticas (galego,

castelán, lingua estranxeira) se remitan á Inspección na lingua respectiva.

11. A elaboración de materiais curriculares. Obsérvase aquí o novidoso compromiso da Administración de promover a edición de libros de texto en polo menos catro linguas. **No Decreto 124/2007:** *13.2. Os materiais que se empreguen nas áreas, materias ou módulos aos que se refire o parágrafo anterior [as materias explicadas en galego] estarán escritos, con carácter xeral, en galego, terán a calidade científica e pedagóxica adecuadas e atenderán, sen prexuízo da súa proxección universal, ás peculiaridades de Galicia. Con este fin, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Secretaría Xeral de Política Lingüística fomentarán a elaboración e publicación dos materiais curriculares correspondentes. Nas Bases para a elaboración do decreto de plurilingüismo:* *8.1. Os libros de texto das materias impartidas en galego e en castelán estarán na lingua en que se imparta a materia. A Administración promoverá a elaboración de materiais na outra lingua oficial e en lingua(s) estranxeira(s)* *8.2. Os materiais que se empreguen nas áreas, materias ou módulos sinalados no parágrafo anterior terán a calidade científica e pedagóxica adecuadas e atenderán, sen prexuízo da súa proxección universal, ás peculiaridades de Galicia. Con este fin, a Consellería competente en materia de educación fomentará a elaboración e publicación.*

A escolla de lingua por parte dos pais, que propoñen as Bases, implicaría que, para setembro do 2010, debería haber no mercado todos eses textos en galego e en castelán (e dispoñibilidade en varias linguas estranxeiras pero en cantidades moi diferentes). Non parece posible para o vindeiro setembro dispoñer de tamaño oferta editorial. Esa oferta de multi-opción é de dubidosa viabilidade.

12. A exención de galego. É conforme a dereito que durante un ano ou dous alumnos foráneos estean exentos de cualificación en lingua galega e nunha cooficialidade simétrica os alumnos estranxeiros deberían eximirse igualmente do exame de lingua castelá. Sinálase só o feito de que dos dous anos do Decreto vixente, vólvese aos tres nas Bases.

13. Canto á **lingua da administración educativa** o Decreto vixente di que en todo se utilizará con carácter xeral a lingua galega... sen que iso supoña unha restrición dos dereitos do persoal docente. As Bases, en cambio, din que se promoverá a utilización da lingua galega ou que se fomentará o seu uso. Eses pequenos cambios léxicos non buscan precisamente fomentar o uso do galego. A novidade é (2.2.) que as programacións das materias lingüísticas se redactarán con carácter xeral na lingua respectiva.

14. Canto ao resto, esta Real Academia Galega reitera integramente a declaración institucional emitida o 17 de maio de 2009.

15. Conclusións Finais.

15.1. É certo que o actual goberno levou no seu programa electoral a derogación do Decreto 124/2007 pero nestas Bases non só non se xustifica suficientemente a necesidade xurídica nin pedagóxica de tal derogación senón que os puntos fortes do proxecto de Decreto parecen de legalidade dubidosa; outros artigos introducirían nos Centros malestar, sufrimento ou desorde e iso é o contrario do que debe perseguir calquera ordenamento xurídico; outros son tan difícilmente aplicables que previsiblemente impedirían iniciar a implantación deste Decreto en setembro de 2010; e o 33% de linguas estranxeiras precisará quizais varias lexislaturas. O camiño debe ser outro. A Real Academia Galega xa pediu no 2002 unha actualización da Lei de Normalización Lingüística para axeitala ás realidades novas nas que hoxe vive a lingua e para incorporarlle a doutrina do Tribunal Constitucional posterior a 1983 e mailos compromisos asinados por España na Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias⁽¹¹⁾. Estas Bases pónenlle ao galego un límite no 33%: iso non é o centro de gravidade nin corrixe a histórica desigualdade co castelán de que fala a Tribunal Constitucional. Polo tanto non procede darlles o Prace desta Academia.

28 XANEIRO DO 2010 - NÚMERO 806

r d l

REVISTA
**DAS
LETRAS**



O feminismo galego

Os avances logrados na loita contra a discriminación das mulleres non viñeron só, senón que son o resultado do traballo dun movemento social, o feminista, que asenta os seus alicerces na Revolución Francesa e nas mobilizacións das sufraxistas inglesas no século XIX. Divulgar esta historia, a do feminismo, focalizando a atención no noso país, é o obxectivo dunha exposición que, organizada pola Fundación Galiza Sempre, percorre o territorio galego desde hai uns meses. *Feminismo galego: Cambios sociais e dereitos das mulleres* visitou xa Santiago, A Coruña, Tomiño e Allariz. Mañá deixará O Porriño, e do 1 de febreiro até o 7 de marzo estará en Vigo, na Casa das Mulleres, para trasladarse despois a Lugo, onde se poderá

Historia do feminismo

ver, no Museo da Deputación, do 8 ó 22 de marzo. A mostra seguirá itinerando por Galiza ao longo de todo o ano, até rematar o seu periplo en xullo, no Festigal. Impulsada pola Fundación en colaboración co Ministerio de Cultura e a Deputación da Coruña, foi artellada con fondos documentais facilitados por Nanina Santos Castroviejo, a Fundación 10 de Marzo, o Museo do Pobo Galego, o Museo de Pontevedra e o Museo Massó. Fotos e ilustracións, textos, noticias de xornais e outros documentos centran uns paneis cuxa finalidade é contribuír á reflexión na sociedade galega sobre os avances e cambios sociais promovidos polo movemento a prol da igualdade de dereitos das mulleres.



Olympia de Gougues e Mary Wollstonecraft. Dous nomes para a historia. Dúas mulleres que loitaron contra o xeito de exclusión que a Revolución francesa perpetuara: a de xénero. Con elas, coa memoria do seu labor, pódese comezar o repaso pola historia do feminismo. En Galiza, Concepción Arenal, Emilia Pardo Bazán, Rosalía de Castro, Juana de Vega... situáronse na vangarda. Foron as pioneiras da reivindicación doutra maneira de ser muller: do acceso á cultura, á educación... A influencia do movemento sufraxista, agromado en Gran Bretaña a mediados do século XIX, abrollou no noso país pouco despois. Salvador Parga Torreiro defendeu o sufraxio feminino no discurso de inauguración do curso 1870-1871 da Universidade de Santiago. No 1901 licenciouse a primeira muller na USC. No proxecto de Constitución para o Estado galego da Asemblea Federalista de Lugo en 1887 recollíase o dereito ao voto das mulleres, aínda que con limitacións. Tamén colectivos como as Irmandades da Fala incorporaron a defensa da igualdade política entre homes e mulleres nos seus textos, como o Manifesto da Asambleia Nazonalista de Lugo de 1918.


As mulleres procuraron tamén o seu espazo no movemento obreiro e o agrarista. Concepción Miranda chamou publicamente á incorporación das mulleres á loita obreira. Sofía Casanova, escritora e xornalista, abordou nalgúns dos seus artigos a problemática das traballadoras asalariadas. As operarias da fábrica de tabacos da Coruña protagonizaron un soado motín. Nas primeiras décadas do século XX xurdiron as primeiras asociacións de mulleres vinculadas aos partidos políticos e sindicatos: asociacións republicanas, do PC, do PSOE, anarquistas, galeguistas, etc.

O dereito ao voto non chegou, porén, ata a Segunda República. O goberno provisional de Alcalá Zamora emitiu o 8 de maio de 1931 un decreto no que se concedía o voto a todos homes maiores de 23 anos e se declaraba elixíbeis a clérigos e mulleres. Porén, aprazaríase até os debates sobre o articulado da nova Constitución a posibilidade de que as mulleres puidesen votar.

O artigo 36 recollíña: “os cidadáns dun e doutro sexo terán os mesmos dereitos electorais conforme determinen as leis”. Na quenda da votación deste artigo só se atopaban presentes 26 dos 47 deputados representantes de Galiza e deles 16 votaron a favor e 10 en contra. En todo o Estado o resultado foi de 161 votos afirmativos e 121 negativos. Por outra banda, arredor dalgúns partidos, sindicatos e outros colectivos existentes na II República creáronse agrupacións de mulleres e agrupacións mixtas. Así mesmo, algunhas delas tiveron presenza nas publicacións vinculadas a estes colectivos, como foi o caso do voceiro do Partido Galeguista: A Nosa Terra.

A Constitución de 1931 recolle no seu artigo 25 que “non poderán ser fundamento de privilexio xurídico: a natureza, a filiación, o sexo, a clase social, a riqueza, as ideas políticas e as crenzas relixiosas” e no 40 que “todos os españois, sen distinción de sexos, son admisíbeis nos empregos e cargos públicos, segundo o seu mérito e capacidade, salvo as incompatibilidades que as leis sinalen”. O artigo 46 establecía que “o traballo é unha obriga social e será protexido por lei, que regulará os casos de seguro de enfermidade, accidente, paro forzoso, vellez, invalidez e morte; o traballo das mulleres e dos mozos e especialmente a protección da maternidade, etc” e o 43 que “o matrimonio se funda na igualdade de dereitos para ambos sexos e poderá disolverse por mutuo acordo ou a petición de calquera dos cónxuxes”.

Arriba é esquerda, un deseño utilizado recentemente, durante o goberno bipartito, pola Xunta. Ao seu carón, unha pegatina utilizada polo movemento feminista a finais dos 70 no contexto do debate sobre a lei do divorcio. Abaixo, imaxe de mulleres obreiras do século XIX, no seu traballo. A Fundación Galiza Sempre expresou o seu agradecemento, pola súa colaboración, a Mariam Mariño, a Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega, Rebeca Romero, Iolanda Veloso, María Xosé Molina, María Antonia Pérez Villar, Cuqui Fragueta, Lidia Senra, Nine Paz, Secretaría da Muller de CCOO e a Secretaría da Muller da CIG.



PARTICIPAR NAS ASOCIACIÓNS VEC
ESTUDAR DIRIX
IR A NATACIÓN UNHA EMP
DECIDIR ESTAR
TEMPO CO
TER EMPREGO
IR AO TE
ESTAR MÁIS T
FORM
IR AO DIRIXIR
CINE IR A
QUEREMOS PO
DIR A
PASE
ESTAR MÁIS
VIAXAR
DECIDIR
BUSCAR EMPREGO
MES VIOLETA

FONDO SOCIAL EUROPEO
XUNTA DE GALICIA
 VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR
 Secretaría Xeral da Igualdade
XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE
 Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural





Co golpe de Estado de 1936 produciuse unha volta atrás na situación das mulleres. A represión concreouse para elas en asasinatos, torturas, violacións, rapados de cabelo, humillacións públicas, etc. As mulleres tomaron parte activa na resistencia, implicándose na militancia política no exilio ou na clandestinidade e na loita dos guerrilleiros. Coa ditadura, aboliuse a Lei do matrimonio civil, a Lei do divorcio e institucionalizáronse os roles tradicionais de filla, esposa e nai. O Código Penal do 1944 reincorporou o “uxoricidio por causa de honor”, que se mantivo vixente ata o 1961. Nos anos 60 comezaron, porén, a organizarse colectivos de mulleres como o Movimiento Democrático de la Mujer, xurdido en Barcelona e vinculado ao PC, que chegaría a Galiza. As integrantes galegas chegaron a publicar o boletín *A muller e a loita*.

Na Transición, o asociacionismo feminista cobrou un renovado impulso. En 1976 creouse a Asociación Galega da Muller, e no 1982, vinculada a esta agrupación, naceu a revista *Andaina*. En 1977 formáronse a Asociación Democrática da Muller Galega e a Coordinadora Galega de Asociacións Legais da Muller. En 1978, froito dunha escisión no seo da AGM, fúndase a agrupación Feministas Independentes Galegas (FIGA), arredor da cal naceron as publicacións *A Saia* e *A Festa da Palabra Silenciada*. Nese mesmo ano créanse colectivos como a Asamblea Feminista de Lugo ou a Coordinadora Feminista Galega. Un ano despois xorde a Coordinadora Feminista de Vigo. Nos anos 80 naceron novas agrupacións feministas, como as Mulleres Nacionalistas Galegas, Mulleres Progresistas, os Grupos de Mulleres da Universidade, o colectivo anarquista de Mulheres Livres de Santiago ou as Mulleres Rurais. De igual xeito, créanse os primeiros centros de recompilación de textos de mulleres e estudo feminista, como o grupo Alecrín de Vigo. Tamén nestas dúas décadas naceron no contorno dalgúns partidos e sindicatos galegos áreas específicas de actuación e debate sobre a problemática das mulleres.

Coa morte de Franco mudaron moitas cousas. O adulterio foi abolido como delito en 1978 e a Lei 30/81 do 7 de xuño veu mudar a regulación do matrimonio establecida no Código Civil. Porén, esta medida foi considerada como insuficiente polas organizacións feministas, que criticaban a burocratización e a excesiva lentitude coa que se tramitaría o proceso de divorcio, así como a necesidade da alegación dunha “causa” de ruptura. Outros aspectos que tiveron gran relevancia no debate feminista foron: a loita contra todas as manifestacións da violencia machista, os anticonceptivos, o aborto, a defensa da libre opción sexual e a equiparación en dereitos das parellas homosexuais.

Non será até a Lei 45/1978 do 7 de outubro, cando se autorice a divulgación, propaganda e venda dos métodos anticonceptivos. En 1983 aprobouse a despenalización parcial do aborto para os supostos de violación, risco para a saúde física ou psíquica da nai ou malformación do feto. Na actualidade continúa a loita pola igualdade de oportunidades entre homes e mulleres en todos os ámbitos. Naceron novos colectivos e espazos de debate, como a rede Marcha Mundial das Mulleres, e déronse pasos legais como a aprobación da lei orgánica de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. A reforma do Código Civil axilizou os trámites do divorcio e eliminou as causas e a preceptiva separación previa, e o matrimonio homosexual aprobouse no 2005.

Arriba á esquerda, foto dunha manifestación de AGM, no ano 83, que foi un escándalo en Compostela. Abaixo, estudantes da Universidade de Santiago. Arriba á dereita, un cartel de propaganda do referendo do Estatuto do 36, e debaixo un documento das Irmandades da Fala que recolle a igualdade de dereitos da muller entre as cuestións a desenvolver. Dirixe a exposición da Fundación Galiza Sempre Xabier Macías. Do guión e documentación encargouse Isabel Rodríguez Mate, co asesoramento de Nanina Santos, María Xosé Agra e Encarna Otero. Tania Ameneiro asumiu a xestión e administración. O texto desta páxina e da 4 é un resumo do que conteñen os catro paneis que conforman a mostra.





MULLERES

QUE TRABALLADES COMO HOMES;

COMO HOMES

VOTADE O ESTATUTO



Irmandade da Fala
(A CRUÏA)

que se ~~se~~ amostre mais doada pra chegare á federación
con Portugal.

7º = Ingreso das nacionalidades da Ibéria nañiga das
Naxóns.

= III =

= Problemas políticos =

1º = Igoaldade de dereitos pr-a muller.

2º = Cuestión eleitoral:

(a) a función eleitoral terá de sere da responsabilidade

